

## *Un monumento de Baiona escrito en 1344*

XULIÁN MAURE RIVAS

*A Ramón Lorenzo e Antón Santamarina,  
xenerosos titores da nosa lingua nacional*

Jacques Le Goff (1984) ensinou a todos os historiadores que cada documento é un monumento histórico que, ó mesmo tempo que mostra e ensina, sempre esconde algo. Forma co resto dos outros monumentos o patrimonio común dun pobo, a memoria colectiva, imprescindible para poder planear o futuro dunha sociedade. Na liña histórica que vai desde as mámoas e petróglifos do Val Miñor ata o último monumento erixido na Volta dos Nove de Baredo, este documento do ano 1344 é un monumento máis do noso patrimonio. Como documento mostra os datos da transferencia de propiedades nunha doazón. Como monumento mostra e documenta a lingua galega escrita na Idade Media. E como documento/monumento “é en primeiro lugar unha roupaxe, unha aparencia enganadora, unha montaxe. É preciso comezar por desmontar, demolir esta montaxe, desestruturar esta construción –como aconsella o citado historiador francés–, e analizar as condicións de produción dos documentos/monumentos”<sup>1</sup>. Calquera documento dun cartulario como este é produto dun centro de poder, dun señorío civil ou eclesiástico e debe ser estudado nunha perspectiva económica, social, xurídica, política, cultural, espiritual, pero sobre todo o documento debe ser estudado como un instrumento de poder. Este tipo de documentos ademais de servir de probas e fundamento de dereitos, ademais de ser testemuño do polivalente poder medieval, son os creadores dese mesmo poder.

A edición deste documento notarial datado en Baiona do Miñor hai máis de seis séculos é unha boa maneira de valorar o patrimonio documental do Val Miñor e de descubrir a longa historia da lingua galega no seu rexistro xurídico e notarial. Este documento forma parte dunha colección de documentos notariais, case todos orixinarios da Igrexa de Santa María de Baiona, que se garda no Arquivo Diocesano de Tui.

Ademais do valor cultural ou simbólico que poida ter, a edición dun documento como o que hoxe presentamos é un bo instrumento para coñecer a historia de estruturas de poder que aínda hoxe están presentes na nosa sociedade, e para comprender mellor feitos históricos que deixaron a súa marca, non só nun simple pergameo escrito pola man dun escribán anónimo, senón en pautas de comportamento e mentalidades que se foron transmitindo ó longo de séculos e xeracións. Moi-

tas son as pegadas que os distintos especialistas poderán descubrir neste documento: lingüísticas, históricas, sociolóxicas, económicas, xurídicas...

A continuación indícanse, a modo de exemplo e sen outra preensión que arroupar a núa edición do texto, varios temas dalgunha maneira no documento medieval e que aínda teñan algún interese nos nosos días.

## 1.- CÓMPUTO DO TEMPO

O documento empeza: «Era de mill<sup>l</sup> et trezentos et oyteenta et dous anos<sup>o</sup>» facendo referencia á «era hispánica». Este sistema de contar os anos utilizouse en toda a Península Ibérica e sur de Francia ata os séculos XIV e XV, en que empezou a utilizarse o cómputo da «era cristiãna», que xa se viña usando nos distintos pobos de Europa desde os séculos VII – X. A «era hispánica», tamén chamada «era de César», empeza desde o ano 716 da Fundación de Roma, e posiblemente está relacionada co final da conquista da Península Ibérica polos romanos, 38 anos antes do nacemento de Cristo. Este adianto de 38 anos hai que descontalo se queremos pasar a data do noso documento á era cristiã, usada hoxe en gran parte do mundo, e así sabemos que o documento foi escrito o ano 1344 da nosa era.

O máis singular da era hispánica é que foi exclusiva durante moitos séculos nos distintos reinos e linguas da Península Ibérica e que foi cedendo ante a era cristiã en tempos distintos dependendo das áreas xeopolíticas. En Cataluña deixou de usarse a era hispánica a partir do Concilio de Tarragona de 1180; nos reinos de Aragón, Valencia e Mallorca abandonouse a era hispánica durante o reinado de Jaume I (s. XIII); en Castela e León, no reinado de Juan I por un acordo das Cortes de Segovia (1383); e en Portugal deixou de utilizar no reinado de Juan I a partir de 1422. Nos textos privados tardou máis en impoñerse a era cristiã. Así en Ourense aínda aparece datado pola era de César un documento de 1435 e na colección destes documentos de Baiona úsase sempre o «ano do nacemento de Noso Señor Xesús Cristo» a partir de 1402.

Para un lector de hoxe non deixa de ser sorprendente que a variedade xeopolítica da Península Ibérica quede xa tan ben marcada hai tanto tempo nun feito tan trivial como o cambio de cómputo na data dos documentos notariais.

## 2.- UN DANO COLATERAL

Este documento é unha reparación ou renovación dunha escritura anterior feita a favor do crego de Baiña, que este tiña na súa casa de Baiona. E, segundo conta o mesmo texto, esta primeira escritura fora destruída nun incendio cando «chegara a esta uilla a frota del rey de Portugal, quando auya gerra con nosso sseñor el rey de Castela, et *que* queimara esta dita billa (vila) et a cassa en *que* moraua, et *que* lle queymara y (alí) a dita carta et estormento».

Nesta redacción notarial vese claro que se trataba dunha guerra entre os reis de Portugal e Castela e que os que sofren os danos son os indefensos habitantes de Baiona. Trátase dun episodio máis da guerra entre Alfonso XI de Castela e Afonso IV de Portugal (1336-1339). Foi en parte unha guerra de familia. A raíña María de

Castela era filla do rei portugués; pero Alfonso XI practicamente repudiaba á súa esposa trocándoa no tálamo por Leonor de Guzmán. En parte tamén foi unha guerra civil de Castela, onde nobres e prelados estaban divididos entre o rei e o seu rival, o poderoso D. Juan Manuel. Este negociou o casamento da súa filla co infante D. Pedro, herdeiro do rei de Portugal. A *Historia de Portugal*<sup>2</sup> dirixida por Jose Mattoso resume a guerra que aparece citada no noso documento:

E, como de costume, o povo, portugués e castelhana, o de mais perder. Três anos de histeria destruidora, 1336 a 1339. Galiza, Entre Douro e Minho, Alentejo, Badajoz, terras de Huelva, Algarve oriental, costa andaluza, foram cenários do sangrento vendaval. E ainda o mar e regiões costeiras, desde Gibraltar a Lisboa e do Porto até Vigo. Finalmente, por influência do papa e do rei de França, acertaram-se tréguas, assinou-se a Paz de Sevilla (julho de 1339) e tudo ficou como de vera: as mesmas fronteiras e as mesmas mulheres. Ou seja, os territórios mutuamente conquistados eram devolvidos, D. Constança Manuel casava com o infante D. Pedro e a rainha D. Maria era reassumida como esposa de leito pelo marido Alfonso XI.

En 1337 Baiona queda queimada pola frota de guerra portuguesa, que desde os tempos do rei D. Denis estaba comandada polo almirante xenovés Manuel Pessanha. Os reis de Castela e Portugal, onte case inimigos a morte, hoxe (30 de outubro de 1340), xuntos como cruzados e amigos vencen ó Islam na batalla do Salado que será celebrada como unha das grandes vitorias da Reconquista.

### 3.- PATRIMONIO INDEBIDO

O documento orixinal era unha doazón dunha rica dona, chamada Tareixa Gonzalves, feita en 1307 ó crego de Baíña e ós seus sucesores na parroquia. Era unha doazón moi xenerosa pois comprendía «todas aquelas cousas que eu ey et deuo a auer de dereito, assy de compra como<sup>1</sup> de auoenga, quanta dereytura eu ey ena<sup>1</sup> ffe-ligresia<sup>1</sup> de santa Marina de Veyna». A razón desta doazón é a obriga que lle impón ós cregos beneficiados de que fagan por ela sufraxios, polos seus pais e por todos aqueles dos que conseguiu algunha cosa «como non debía». Chega a maldecir a todos os seus fillos, fillas, netos e sobriños que vaian contra esta doazón que «eu faço aas ditas igleias por muitas cousas que eu ouue dessas igleias como<sup>1</sup> non diuýa». O medo ó alén facía que esta muller rica non perpetuase nos seus herdeiros un patrimonio mal adquirido, senón que o usa para que Deus perdoe a súa alma. Os que defenden a limitación da herdanza por razóns sociais teñen aquí unha precursora aínda que as razóns sexan distintas.

### 4.- SANTA MARÍA DE ROCAMADOR

Entre as obrigas que se lle poñen ó crego de Baíña está «que uós, dito Gonçaluo Eanes, uaiades ou envyedes por myá alma a santa María de Rocamador». Rocama-

dor era un centro de peregrinación dedicado a unha imaxe da Virxe Negra situado no sur de Francia, que a partir do ano 1166 en que se descobre ou “inventa” a campa de Amador, un criado que tivera a Virxe María, converteuse no punto de peregrinación mariana máis importante da Idade Media. É un dos santuarios máis nomeados nas Cantigas de Santa María do rei Alfonso X e a súa sona foi tanta na Península Ibérica, e sobre todo en Portugal, que a partir de 1193 a confraría de Nosa Señora de Rocamador se estende creando hospitais polos distintos camiños de Santiago, con tanta celeridade que no ano 1200 queda fundado o hospital Rocamador de Lisboa. En 1193 o rei Sancho I de Portugal déralles a estes confrades unha vila non lonxe da actual cidade de Aveiro e alí tiñan a súa capital e dalí foron difundíndose polos hospitais de Porto, Coimbra, Santarem, Leiria, Braga, Chaves, Lamego... Co tempo foron conseguindo amplísimos legados; príncipes e vasalos non só lles doaban e estaban copiosos bens, senón que moitos deixaban particulares mandas a quen fosen por eles en romaría a Santa María de Rocamador, da mesma maneira que outros mandaban ir a Santiago ou a Roma<sup>3</sup>. O exceso de propiedades e riqueza fixo decaer a primitiva observancia destes hospitalarios que en Portugal os levou á súa extinción.

En Galicia só se coñecen seis testamentos que deixen algunha manda para Rocamador; o primeiro é de 1257 en Oseira e o último é este de Baiona en 1307. Dous anos antes en Ribadavia faciase un testamento que concretaba as cantidades precisas para chegar en peregrinación ó santuario francés. «Et mando que baa por min huun ome en rromaria a Santa Maria de Rocamador por mia alma et lle den dozentos marabedís para despensa et cen soldos para offerir a o altar de Santa María et cento cinquenta soldos para dar a os pobres pelo camiño».

## 5.- O NACEMENTO DO PURGATORIO

Aínda que a expresión «digan (ou canten) missa por myá alma» empeza a ser frecuente desde finais do século XIII nos testamentos que se conservan en lingua galega, a palabra *purgatorio* non se documenta antes de 1444, ano en que unha viúva de Tui doa ó Hospital un solar en cumprimento do testamento do seu home. No documento a viúva manifesta que “era contenta por que a alma do dito Rrui Peres fose aliuiada et seyse máis agiña das penas do purgatorio”<sup>4</sup>. Segundo o xa clásico estudo de Jacques Le Goff sobre o nacemento do Purgatorio, foi a partir do século XIV en que se introduce nos testamentos dunha maneira case xeral unha serie de doazóns e mandas de sufraxios no aniversario da morte «para remedio da alma». Evócanse os defuntos que están no Purgatorio, pero sen pronunciar o nome deste lugar<sup>5</sup>.

Este documento que presentamos é un testemuño da importancia que a invención do Purgatorio tiña xa desde comezos do século XIV en Galicia. Tareixa Gonzalves fixo o primeiro documento en 1307, só sete anos despois do primeiro xubileo romano que concedera o papa Banifacio VIII con indulxencia plenaria aplicable ás ánimas do Purgatorio. Ante as seguras penas que contaba con pasar esta rica dona antes de poder entrar no ceo, deixa todo canto ten para sufraxios pola súa alma e as de seus pais, e maldí ós descendentes que vaian contra este testamento. Estas crenzas foron a maior fonte de enriquecemento do patrimonio eclesiástico e de institucións benéficas como os primeiros hospitais.

## NORMAS DE TRANSCRIPCIÓN E LECTURA


Para unha cómoda lectura do texto é conveniente ter presente os seguintes criterios de transcripción.

–As maiúsculas e minúsculas obedecen ós criterios da normativa actual. O mesmo vale para o sistema de acentuación.

–Hai palabras que levan supraescrito un <sup>l</sup> como en «mill<sup>l</sup>» ou en «anos<sup>l</sup>». É para indicar que no orixinal manuscrito levan un til de abreviación que non ten correspondencia fonética.

–O dígrafo <ll> pode corresponder tanto ó fonema palatal sonoro /k/, que aparece nas palabras «deylla» ou «filla», como ó fonema /l/, presente nas palabras «mill» «villa» ou «llogo» que deben pronunciarse [mil], [bila] ou [logo].

–O grafo <3> corresponde a unha forma gráfica parecida a un 5, frecuente en documentos do século XIV, que non debe confundirse cun <s>; e algúns autores cren que tampouco correspondía á sibilante representada polo grafema medieval <z>.



(Arquivo da Catedral de Tui: Doc. Baiona, nº 53).

–As palabras abreviadas transcribíense na súa forma plena, indicando en *cursiva* as letras abreviadas. Así a palabra «not<sup>o</sup>» transcribíese como «notario».

–Cando o til de nasalidade <~> vai sobre unha vogal con valor de nasal implosiva, transcribíese cun *n* en letra cursiva; por exemplo, «sabeã, uirẽ, saçõ» transcribíense por *sabean*, *uiren* e *saçón*.

–Respéctanse os dobres usos dos grafemas <u> e <i>, cos seus valores de vogais e de consoantes. Así encontramos «nouembre, uiren ou uilla» que hoxe escribiríamos con <v> «novembre, viren ou vila», e tamén «grania, igleia ou ia» que na ortografía actual levan o grafema <x> «granxa, igrexa ou xa».

–O sonido [ɲ], que hoxe representamos polo grafema <ñ>, xa estaba presente en palabras como «Marina», «Veyna», «Mīor», «Miñor» ou «tiina» que hoxe coñecemos como Mariña, Baiña, Miñor, Miñor e tiña.

–En xeral seguimos as normas de transcripción de uso máis frecuente nos documentos galegos, publicadas polo profesor Ramón Lorenzo (1988).

## DOCUMENTO

*Baiona, 1344, 23 de novembro.*

*Doazón feita por Tareixa Gonzalves en 1307 en favor do abade de Baiña e reescriturada en 1344.*

*(Arquivo da Catedral de Tui: Doc. Baiona, n° 53).*

Era de mill<sup>l</sup> et trezentos et oyteenta et dous anos<sup>t</sup> viinte et çinço días de nouembre. Sabean *quantos* esta carta et estormento *uiren que* en *preseença* de mī, Fernán Peres, *notario* aa *saçón* por nosso<sup>1011</sup> sseñor el rey dom Fernando, em Bayona de Mīor et en sseu alfoz, et das *testemuñas que* adeante ssom *criptas*, ssendo Esteuoo<sup>t</sup> Peres *juis* desta uilla de Bayona et de sseu alfoz,<sup>1021</sup> ante a súa cassa en *que* el mora en esta uilla, cerca da *grania* d'Oya, oyndo et liurando os *pleitos que* ante el *vinan*, apareceu y *perant'* el Johán Coronado, *clérigo* et *abbade* da *igleia*<sup>1031</sup> de *santa Marina* de Veyna et *cappellán* desta *igleia* de *santa María* de Bayona, et disso a<sup>6</sup> Esteuoo<sup>t</sup> Peres, *juis*: *asý* foy *que* seendo *abbade* *Golçaluo* Eanes da dita *igleia* de *santa Marina*<sup>1041</sup> de Veyna, *peça* de *tempo* auya *que* *dona'* Tareyia *Gonçalves*, *filla que* foy de don *Gonçaluo Fernandes* et de *dona Sancha Fernandes*, *deu* en *doaçón* *para* todo *ssenpre* *ualledeyra* et *ssen* *premea*<sup>1051</sup> *nihũa*, [et de] *sseu* *grado* et *ssúa* *liure* *uoontade* por *amor* de *deus* et de *ssanta* *María*, *ssúa* *madre*, et da dita *santa Marina* et de *santa María* do Burgo, por *ssúa* *alma* et dos *ditos* *sseu* *padre*<sup>1061</sup> et *ssúa* *madre*, *toda* a *natura* et *uos* et *dereito que* *ella* *auya* et de *dereito* *podería* a *auer* *per* *qual* *quer* *manei-*

ra et guisa, ao dito Goncaluo Eanes et aos prelados et abbades *que*<sup>1071</sup> pos elle ffo-  
ren ena' dita igleia de santa Marina de Veyna, ssegundo está *scripto* et *contiudo* en  
hũa nota que end' eu, dito *notario*, teño, et en hũa carta et stormento, que foy ffeita<sup>1091</sup>  
et ffeito por mĩ, dito *notario*. Et *que* a dita carta et estormento ffora ffeita et  
sacada da dita nota et dada ao dito Gonçaluo Eanes, et *que* o dito Gonçaluo Eanes  
*que* finara<sup>1091</sup> deste mundo, et, *que* despois da morte do dito Gonçaluo Eanes, *que*  
ffoy prelado da dita igleia de santa Marina de Veyna Martín Peres, clérigo, et *que* o  
dito Martín Peres era finado deste mundo, et *que* el<sup>1101</sup> *que* era abbade et prelado da  
dita igleia de santa Marina et *que* lle fora dada a dita carta et estormento, et teen-  
doa el em ssúa casa, et em sseu poder, em *que* elle moraua en esta<sup>1111</sup> uilla, *que* che-  
gara a esta uilla a frota del rey de Portugal, quando auya gerra con nosso sseñor el  
rey de Castela, et *que* queimara esta dita billa et a cassa en *que* moraua,<sup>1121</sup> et *que*  
lle queymara y a dita carta et estormento. Et *que* desto façia ende verdade per sseu  
juramento como' o dereito mandaua de tal co\u/sa, et pidía ao dito juis *que* uisse  
a dita<sup>1131</sup> nota da dita carta et estormento *que* eu, dito *notario*, tiina, et desse a mĩ,  
dito *notario*, ssúa auturidade, *que* lla desse como' *quer que* fora ia sacada da dita  
nota. Et eu, dito<sup>1141</sup> *notario*, mostreylla et uyoa booa, en pressença das *testemuñas*  
aadeante *scriptas*. Et llogo o dito juis juramentou o dito Johán Coronado en san-  
tos auangeos<sup>sse</sup><sup>1151</sup> tiina a dita carta et estormento ou sabía dela parte ou sse la  
queymaran ou fillaran como' el diçía. Et el, pello juramento *que* ffeso, disse *que* lla  
queymaran et *que* non<sup>1161</sup> ssabía della parte. Et logo o dito juis mandou a mĩ, dito  
*notario*, et deume súa auturidade *que* eu *que* lla desse como' ffora ffeita et outor-  
gada et notada per<sup>1171</sup> mandado da dita dona Tareyia Fernandes<sup>7</sup>, et eu deylla como'  
adeante está dito et escripto. *Testemuñas*: Johán Fernandes, *notario* desta uilla, Mar-  
tín Peres de Morraço, Johán Dominges<sup>1181</sup> de Ponteuedra. A qual carta et estorment-  
to está atal:

Era de mill<sup>6</sup> et trezentos et quareenta et cinco anos<sup>6</sup>, viinte et hũu días d' oytu-  
bre. Sabean todos<sup>1191</sup> *que* eu dona Tareyga Gonçalues, ffilla que ffoy de don Gonça-  
luo Fernandes et de dona Sancha Fernandes, por mĩ et por toda mĩa uo3, de meu  
boo grado et sem premea<sup>1201</sup> nihũa, dou et quito en doaçon para todo senpre todas  
aquellas cousas *que* eu ey et deuo a auer de dereito, assy de compra como' de auoen-  
ga, quanta dereytura eu ey<sup>1211</sup> ena' ffeligresía<sup>6</sup> de santa Marina de Veyna, de la fonte  
do Poonbal, cerca de Pousadela, ata a uilla de Bayona, como' se parte marqo de  
Morade da hũa<sup>1221</sup> parte et da outra parte, como' sse departe per ssam Colmado et  
per Cerqueyra, et da outra parte como sse departe pello couto de Baredo, a uós  
Gonçaluo Eanes,<sup>1231</sup> prelado da igleia de santa Marina de Veyna, et a todos los outros  
prelados *que* depouys de uós ueeren. Et assy uos dou en doaçon toda a natura *que*  
eu<sup>1241</sup> ey et *que* podería auer de parte dos ditos meu padre et de mĩa madre. Et esto  
uos dou et quito pollo amor de deus et de santa Marina de Veyna et de santa<sup>1251</sup>  
María<sup>6</sup> do Burgo et pella alma de meu padre et de mĩa madre per tal pleito *que* uós,  
dito Goncaluo Eanes, et os outros prelados *que* depouys de uós<sup>1261</sup> ueeren, *que* cada  
*que* diseren missa en santa Marina de Veyna et en santa María do Burgo, *que* me  
ementedes et me digades hũa missa de sobre altar cada<sup>1271</sup> ano' por día de santa Mari-  
na, por mĩa alma et dos ditos meu padre et mĩa madre et de todos aquelles et aque-  
las de *que* ouue algũa cousa como' non diuía.<sup>1281</sup> *Que* deus perdoe aa mĩa alma. Et  
dou maldiçon para todo ssenpre ualdehyra a todos meus ffillos et ffillas et netos et

ssobrinos et<sup>[29]</sup> ssobrinhas et todos aquelles da mña geeraçón, que nunca contra esta doaçón et smola que eu faço aas ditas igleias por muitas cousas que<sup>[30]</sup> eu ouue desas igleias como<sup>1</sup> non diuía. Et que uós, dito Gonçaluo Eanes, uaiades ou envyedes por mña alma a santa María de Rocamador. Et demays<sup>1</sup> <sup>[31]</sup> que peyte quen contra esta doaçón que eu ffaço quiser uiir mill<sup>1</sup> marauedís da boa moeda et súa demanda non ualla et demays que peyte outros mill<sup>1</sup> <sup>[32]</sup> marauedís da dita moeda ao señor da terra, et esté a carta et uala senpre en ssúa reuor. Et que esto seia certo rogei et mandei a Fernán Peres,<sup>[33]</sup> notario de Bayona, que desse ende ao dito Gonçaluo Eanes esta carta et estormento que ualuesse para senpre et eu, dito notario, deyla como<sup>1</sup> aquí diz. Feita<sup>[34]</sup> a carta em Bayona de Mñor, era et día sobre ditos. Testemuñas que foron presentes: Esteuo Cochete, clérigo, Gomes Aras, neto da dita dona Tareyia,<sup>[35]</sup> Johán de Paaços, Saluador Peres de Gondomar, Gonçaluo Monis, Johán Dominges, Rui Peres, Lourenço Rrodrigues, Johán Scripuán, reitor de santa María de Uide, omes da<sup>[36]</sup> dita dona Tareyia, Domingo Peres de Curuyña et outros muytos.<sup>[37]</sup>

Eu, Fernán Peres, notario del Rey, plúbico et do conçello de Bayona de Miñor et de su alfoz a esto pressente foy et en<sup>[38]</sup> mña pressença figi escripuir et meu nume et meu sinal aquí puge que tal este.

## NOTAS

- 1 Le Goff (1984, 104).
- 2 Mattoso (445-6).
- 3 Viterbo: *Elucidario* s.v. Rocamador.
- 4 Maure (2006, 64).
- 5 Le Goff (1993, 380).
- 6 No texto lese claramente *asý*. Débese a un típico erro de escribán que adianta a mesma palabra que segue un pouco despois. O contexto esixe escribir a preposición *a*: Johán Coronado disso a Esteuoo Peres.
- 7 Erro do escribán, pois en todo o documento aparece Tareyia ou Tareiga *Gonçalues*.
- 8 Nas liñas 26 e 27 aparecen as formas plenas do topónimo *Santa María do Burgo*. Así tamén foi transcrita a abreviatura *Mr* da liña 6, aínda que na actualidade se chame Santa Marta do Burgo.

## BIBLIOGRAFÍA

- LE GOFF, JACQUES: (1984) «Documento/monumento» en *Enciclopédia 1. Memória-história*. Lisboa: Einaudi/ Imprensa Nacional-Casa da moeda, pp. 95-106.
- LE GOFF, JACQUES: (1995) *O nascimento do Purgatório*. Lisboa: Editorial Estampa.
- LORENZO, RAMÓN: (1988) «Normas para a edición de textos medievais galegos» en Dieter Kremer (ed.) *Actes du XVIII<sup>e</sup> Congrès International de Linguistique et philologie Romanes, T. VI. XVIII Congrès International de Linguistique et philologie Romanes*. Tübingen: Max Niemeyer Verlag, pp.76-85.
- MATTOSO, JOSE (dir.): (1993) *História de Portugal. 2 A monarquia feudal*. Lisboa: Editorial Estampa.
- MAURE, XULIÁN: (2006) *Para unha escriptoloxía do Galego. Edición e estudo escriptolóxico do Tombo do hospital dos pobres de Tui (1436-1490)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza/ Instituto da Lingua Galega.
- VITERBO, FR. JOAQUIM DE SANTA ROSA DE (1962-1966): *Elucidario das palabras, termos e frases que em Portugal antigamente se usaram e que hoje regularmente se ignoram*. Porto/Lisboa: Livraria Civilização.